




Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



MEMORIA DA ALCALDÍA



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DO ANO 2.015

MEMORIA

EXPLICATIVA DO SEU CONTIDO E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA, EN RELACIÓ N CO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2.014

O Alcalde-Presidente que subscribe, a fin de dar cumprimento ó disposto polos artigos 168.1 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e 18.1 a) do R.D. 500/90 do 20 de abril, formula a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento para o corrente exercicio, así como das modificacións máis salientables que experimenta, en relación co orzamento do exercicio de 2.014.

ESTADO DE GASTOS

No **Capítulo I (Gastos de persoal)** dáse cobertura ás retribucións dos funcionarios, persoal laboral, eventual e órganos de goberno, tendo en conta a modificación da Relación de postos de traballo (en adiante RPT).

Dito capítulo experimenta con carácter global, un incremento con respecto ó exercicio anterior de 8.096,98 €.

A modificación da RPT foi elaborada polo Departamento de Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela e obxecto de negociación coa representación do persoal funcionario e laboral.

Dita modificación supón un esforzo de racionalización dos medios humanos cos que conta esta administración. Como consecuencia da aplicación do devandito documento créanse as seguintes prazas:


- Xefe da Policía local (código 03.00.01)
- Oficial da Policía local (código 03.00.04)
- Administrativo alcaldía (código 00.00.01)
- Oficial Administración servizos sociais (código 05.00.04)
- Técnico arte (04.01.01)
- Delineante (04.01.02)
- Oficial Administración (04.01.03)
- Administrativo Administración Xeral (01.01.01)

Ó mesmo tempo, elimínanse as seguintes:

- Inspector Principal Policía Local



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



- Administrativo Xefe negociado Servizos Xerais.
- Administrativo urbanismo.
- Auxiliar museos e información turística.

Dentro das prazas de nova creación, procédese á dotación das que resultan necesarias para regularizar a situación do persoal temporal indefinido. Deste xeito, prodúcese unha diminución do crédito asignado as aplicacións de persoal temporal (indefinido) xa que unicamente se dotan as relativas a un mes, ata que se produza a adscrición de ditos traballadores ós postos previstos na RPT.

Asemade, como consecuencia da valoración efectuada polos técnicos da Universidade de Santiago de Compostela, prodúcese unha revisión dos complementos específicos e dos niveis en determinados corpos, tendo en conta as funcións e as tarefas encomendadas.

Tamén prodúcese unha diminución do crédito asignado as distintas aplicacións orzamentarias de produtividade, limitando a súa concesión, unha vez resulten aplicables as novas retribucións previstas na RPT, basicamente ós supostos de substitucións por vacacións, enfermidade etc... dos postos directivos.

Por último, sinalar que se procede a dotar o 50% da paga extraordinaria do período do 1 de xuño ó 14 de xullo de 2012, xa que de conformidade co Proxecto de LPXE para o ano 2015, as entidades locais que declararon a cantidade equivalente á paga extra do mes de decembro de 2012 como crédito non dispoñible deberán presupostar ex novo o 25% de dita cantidade. No caso deste Concello, por acordo plenario adopouse o reparto da cantidade correspondente a dito período en dúas anualidades (2014-2015).

Para a aplicación das novas retribucións contempladas na RPT, será necesario a entrada en vigor do Orzamento 2015 e da RPT (coa súa publicación no BOP) e á notificación das Resolucións de Alcaldía de adscrición dos postos, que deberán realizarse nun prazo non superior a 10 días dende a data de publicación do Orzamento e da RPT.

Deste xeito, e para evitar prorrateos de nóminas, as novas retribucións percibiranse dende o día 1 do mes seguinte as notificacións de adscrición dos postos.

Por último indicar que para o persoal funcionario crease, para os respectivos grupos de programas, as aplicacións relativas as pagas extraordinarias (subconcepto 120.09) e no caso do persoal laboral, o 100% da paga extra impútase a aplicación de retribucións básicas.


O Capítulo II (Gastos en bens correntes e servizos), experimenta un incremento de 87.916,00 €.

En xeral, dotouse cun maior crédito as seguintes aplicacións:

- As relativas á recollida, xestión e tratamento de residuos (como consecuencia da Orde HAP/419/2014 se subdividen en tres aplicacións) motivado pola suba na facturación de SOGAMA.
- A relativa ó servizo de axuda no fogar, como consecuencia do incremento do número de usuarios.
- A relativa á gardería infantil, para axustala ó importe do novo contrato.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



No **Capítulo III (Gastos financeiros)**, recóllense os intereses e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas polo Concello de Cambados. Practicamente no experimenta modificación.

Respecto ó **Capítulo IV (Transferencias correntes)**, experimenta un incremento de 48.611,24 € como consecuencia da maior consignación na aplicación relativa ás transferencias a Mancomunidade do Salnés, as axudas a veciños para estudos, e pola previsión de transferencias (a través de Convenio) a Zona Centro (para facilitar o aparcamento no núcleo urbano) e a Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo.

No **Capítulo VI (Inversións reais)**, consígnanse as aplicacións orzamentarias co detalle que se fai no Anexo relativo ós investimentos, polo que non se estima precisa ó seu detalle na presente Memoria, producíndose unha diminución de 98.505,61 € con respecto ó exercicio anterior. Nembargantes, debe indicarse que a medida que se vaian recibindo as comunicacións de concesións de subvencións irase procedendo a xeración de créditos.

No **Capítulo VII (Transferencias de capital)**. Consígnanse as aplicacións presupostarias que corresponden a particulares polas obras do ARI, (segundo os Convenios asinados para tal fin), á Mancomunidade do Salnés e á Deputación Provincial para a realización de obras, se ben nestes dos últimos casos, consígnase unha cantidade simbólica para posibles imprevistos.

No **Capítulo VIII (Activos financeiros)**, se recollen as previsións de anticipos ó persoal, manténdose o mesmo importe con respecto ó exercicio anterior.

Por último, no **Capítulo IX (Pasivos financeiros)** consígnanse as cantidades necesarias para as amortizacións dos préstamos e anticipos concertados polo Concello segundo os datos recollidos no Estado da débeda. En todo caso, dito capítulo experimenta unha diminución de 96.695,61 € como consecuencia da finalización da amortización do préstamo con Caixanova (ABANCA)


ESTADO DE INGRESOS

As bases utilizadas para a avaliación dos diferentes ingresos recollidos no estado correspondente, analízanse no Informe Económico-Financeiro citado. É por iso, polo que, unicamente, se fará referencia ás principais modificacións existentes en relación co último Orzamento aprobado (2014).

Do exame comparativo dos estados de ingresos do anterior exercicio e do que se prevé para o corrente, prodúcense as seguintes diferenzas:



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



O **Capítulo I (Impostos directos: IBI, IVTM, IIVTNU, IAE) e II (ICIO)** non experimentan ningunha modificación con respecto ó exercicio anterior.

O **Capítulo III (Taxas e outros ingresos)** experimenta un incremento de 10.000 € en relación coa aplicación de taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial por empresas explotadoras de servizos ou subministrados, como consecuencia das labores de inspección realizadas neste último ano.

O **Capítulo IV (Transferencias correntes)** experimenta un incremento total de 42.945,47 € como consecuencia básicamente dos maiores ingresos previstos na participación nos tributos do Estado.

No **Capítulo V (Ingresos patrimoniais)** prodúcese unha diminución de 8.495 €.

No **Capítulo VI (Alleamento de inversións reais)**, consígnase a cantidade 300.000 € procedentes do alleamento de parcelas de titularidade municipal en Sete Pías ocupadas de xeito irregular, importe que a súa vez destinarase a financiar a adquisición de terreos no rural.

No **Capítulo VII (Transferencias de capital)** consígnase as transferencias concedidas polos diferentes entes públicos que financiarán as obras de rehabilitación de particulares do conxunto histórico-artístico.

Asemade, e como se explicou anteriormente, a medida que se vaian recibindo as comunicacións dos plans provinciais se irá xerando crédito.

O **Capítulo VIII (Activos financeiros)** recolle os posibles anticipos ó persoal.

No **Capítulo IX (Pasivos financeiros)**, dotase con cantidades simbólicas, para manter abertos ditos conceptos.


BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O Presuposto Xeral, inclúe as Bases de execución aplicables á Corporación en virtude do disposto nos artigos 165.1 do TRLRFL e 9.1 do RD 500/1990. As materias que son obxecto de regulación nas citadas bases inclúen as especificadas no artigo 9.2 do RD 500/1990.

O mais destacable é que se introduce a BASE VI.2.- para regular a factura electrónica. No artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece a obriga a tódolos provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015, de expedir e remitir factura electrónica.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



Non obstante, no seu apartado segundo, dá a posibilidade ás entidades locais de excluír regulamentariamente da obriga de facturar electrónicamente, en dúas situacións:

- Facturas de ata un importe máximo de 5.000 €.
- Facturas emitidas polos provedores ós servizos no exterior, ata que ditas facturas podan satisfacer os requerimentos para a súa presentación a través do Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas, dacordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en ditos servizos.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo dos bandos da Alcaldía, a potestade regulamentaria dos Concellos materialízase a través das Ordenanzas e Regulamentos aprobados polo Pleno Municipal.

Ademais as entidades locais poden regular os seus procedementos nas Bases de execución aprobadas conxuntamente nos Orzamentos anuais, tal e como establece o artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Á espera do desenvolvemento da Lei 25/2013, de 27 de decembro de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, as exclusións das facturas se poden concretar:

- Nas bases de execución do orzamento, engadindo unha nova base nas bases de execución do orzamento, con motivo do expediente de aprobación do Orzamento 2015.
- Mediante a modificación dun dos Regulamentos xa existentes na Corporación, como o Regulamento de Organización municipal engadindo un novo artigo.

Ambas figuras son aprobadas polo Pleno e son unha vertente da potestade regulamentaria e de autoorganización das entidades locais.

Tales son as variacións máis salientables que se producen no Orzamento para o ano 2015 en relación co Orzamento de 2014, que se someten á aprobación do Pleno da Corporación.

Cambados, 12 de decembro do 2014
O ALCALDE



Luis Aragunde Aragunde